


Documento distribuído por  
 culturagalega.org

# MULLERES GALEGAS E CIENCIA NA REDE FORMATIVA UNIVERSITARIA

PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

Autor: Ricardo Gurriarán



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

# MULLERES GALEGAS E CIENCIA NA REDE FORMATIVA UNIVERSITARIA (PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX)

Por Ricardo Gurriarán

## **As tentativas de incorporación da muller ao sistema educativo**

En Galicia, as mulleres van entrar nas institucións formativas regradas ben comezado o século XX. Ata aquela, dúas mulleres galegas pularon para que o camiño fose máis curto desde os círculos intelectuais. Estámonos a referir a Concepción Arenal e a Emilia Pardo Bazán<sup>1</sup>. Ambas, desde a ampla fronte de intervención social que foi o krausismo, e logo o institucionalismo de Giner de los Ríos, foron capaces de obter un lugar na sociedade da época para reivindicar a presenza de mulleres con voz propia nun espazo absolutamente «dominado» polos homes.

---

<sup>1</sup> Sobre Concepción Arenal ver: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=38>. Sobre Emilia Pardo Bazán ver: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=22>

Desde áreas de intervención diferentes, Arenal e Pardo Bazán xogaron a difícil baza de rachar co rol feminino de procreación e coidado do fogar asignado tradicionalmente ás mulleres. Consideradas experiencias illadas, as súas intervencións reivindicando o dereito á educación e á «formación da muller», a pesar de ser contrarias ao grande influxo da igrexa, tiveron un fondo calado no mundo cultural e social da segunda metade do século XIX. Entre outros foros, participaron na Sociedade Abolicionista de Mulleres (1865), no Ateneo Artístico e Literario de Señoras (1869), na Escola de Institutrices (1869) e na Asociación para o Ensino da Muller (1870).

Segundo as escasas investigacións que se fixeron ata o de agora, no século XIX a maioría dos estudos universitarios realizados por mulleres lévanse a termo «ilegalmente» e dun xeito agachado. Rematan as súas carreiras no conxunto español un total de quince mulleres, seis delas fórmanse na Universidade Central de Madrid e, no que toca a Galicia, a primeira licenciada na área de ciencias experimentais da Universidade de Santiago de Compostela, concretamente de Farmacia, foi Montserrat Carrera, entre 1880 e 1890<sup>2</sup>.

### **O comezo de século XX: algunhas reivindicacións das mulleres comezan a ver a luz**

Nesta altura, poucas mulleres realizan os primeiros estudos e son contadas as que acceden ao bacharelato. Será en 1910, case coincidindo en tempo cunha das primeiras iniciativas parlamentarias españolas para que as mulleres poidan votar (1908), cando o ministro Burrel «permite» o libre acceso das mulleres aos estudos universitarios (Real orde do 2 de setembro). Esta proposta, como é sabido, non irá adiante. E, a pesar de que en España os atrancos para a consecución dos dereitos das mulleres van ser continuados, asístese a importantes cambios e avances, entre os que salientan: iniciativas asociativas feministas de amplo espectro ideolóxico, o acceso da muller á Administración pública (1910) e á Escola de Comercio (1915), e o nomeamento da primeira alcaldesa (1925). Este último recaeu na figura de Concepción Pérez Iglesias, mestra de Portas (Pontevedra) e foi propiciado pola tímida apertura lexislativa de Primo de Rivera (Estatuto Municipal, 1924).

---

<sup>2</sup> Condesa de Campo Alange (1964): *La mujer en España. Cien años de Historia*, Madrid, pp. 166-168.

Como é coñecido, a primeira especialización académica á que teñen acceso as mulleres é a de mestra. Trátase dunha profesión asociada coa instrución e coidado das crianzas e que polo tanto non rompe cos valores dominantes asociados ás mulleres e ao feminino. A mediados do século XIX créase en Madrid a Escola Central de Mestras (1858) e, máis adiante, a Escola Superior do Maxisterio (1909) con función inspectora. Despréndense datos moi significativos da asistencia ao Congreso Pedagóxico Nacional de 1882: dun total de 2000 participantes, o 25 % son mulleres e un bo número delas son galegas.

Coa oficialización do acceso das mulleres á Universidade, as fillas da burguesía liberal comezan a incorporarse aos estudos universitarios, paseniña e progresivamente. Así, en Madrid, do total do alumnado, a porcentaxe de mulleres en 1915 é do 0,64% e, dez anos despois, a cifra multiplícase por sete (4,41%). Este movemento é favorecido por un contexto emancipatorio e modernizador<sup>3</sup>.

## **Que pasa na Universidade de Santiago de Compostela**

Carécese de estudos porcentuais destes anos en Compostela, mais pódese afirmar que todas as mulleres que acceden á universidade proceden de familias liberais. Sábese que as primeiras mulleres matriculadas oficialmente son as irmás Elisa e Jimena Fernández de la Vega Lombán<sup>4</sup>. Estudan Medicina (1913-1919) e axiña se incorporarán ao equipo de investigación do doutor Novoa Santos. Trátase dun profesor que a pesar de manter ideas conservadoras sobre a condición feminina, incorpora mulleres nos equipos de investigación científica<sup>5</sup>.

Na carreira de Farmacia, ademais da citada Montserrat Carrera, a primeira licenciada oficial foi Eugenia Pereira Rodríguez, en 1922<sup>6</sup>. Recibe premio extraordinario e vai ser a primeira licenciada galega que goce dunha bolsa da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago para ampliar

---

<sup>3</sup> Nese mesmo período, a estatística oficial dá as seguintes cifras de mulleres matriculadas en secundaria: en 1915 o 4% e en 1926 o 12%.

<sup>4</sup> Salientamos os primeiros traballos científicos destas irmás, publicados en 1916 (*Galicia Médica*, números 5 e 7, Santiago), o primeiro en colaboración co doutor Venero Sañudo: «Sobre la presencia de granulaciones grasientas en la sangre» e «Somero estudio fisio-patológico del cerebelo» (*Trabajos de la Clínica y Laboratorio de Patología General*).

<sup>5</sup> Sobre Roberto Novoa Santos: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=32>

<sup>6</sup> O Carballiño 1895-Barcelona ????

estudos no estranxeiro, para o que se traslada a Francia en 1923<sup>7</sup>. En decembro de 1922 ponse en marcha a Sección de Químicas da Universidade de Santiago e Eugenia tamén se licencia nesta especialidade. Máis adiante obtén unha praza de xefa de laboratorio químico da Aduana de Barcelona, cidade onde tamén rexenta unha farmacia e un laboratorio. Este está especializado en produtos de cosmética e vai ser o primeiro fabricante español de deterxente líquido.

Outras universitarias significativas no terreo das ciencias experimentais desta primeira parte, fase inicial ou precursora da Universidade de Santiago, son Olimpia Valencia e Paz Parada. Ambas estudan Medicina e completan o seu itinerario formativo en Madrid<sup>8</sup>. Máis adiante volveremos con elas.

### **As redes formativas e a ciencia: a Junta para Ampliación de Estudios (JAE) e a Residencia de Señoritas (RS)**

Ao principio falamos do krausismo e do institucionalismo como fronte intelectuais de intervención social coa educación como ferramenta. Ambos co paso do tempo e por diferentes razóns, nomeadamente de acerto político e co «entrismo» como táctica, van acadar certo poder para pór en marcha iniciativas que, ás veces, se ocupan de «integrar» as mulleres. As súas propostas publícanse na *Gaceta de Madrid* e crean, en colaboración coa rede formativa formal, institucións que obteñen resultados espectaculares en canto á incorporación das mulleres á vida universitaria. Así, a creación en 1907 da JAE, primeira proposta global de política científica, posibilita que un bo número de mulleres accedan a importantes centros científicos europeos e americanos para ampliar a súa formación e poidan ter continuidade aquí na rede de laboratorios creada no entorno da Universidade de Madrid que se sitúa na zona da Residencia de Estudiantes (1910)<sup>9</sup>. Destacamos entre as estudantes a Jimena Fernández de la Vega,

---

<sup>7</sup> Estivo en Bordeos na École de Chimie, co profesor Richard, desenvolvendo un traballo de Enoloxía co fin de mellorar os procesos de vinificación de Galicia con cepeiras autóctonas, pois seu pai tiña terras de viño e adegas no Ribeiro.

<sup>8</sup> Descoñecemos o itinerario formativo das médicas María Piñeiro Estrella, a primeira muller do Colexio Médico da Coruña (1932), e de Cándida Lemos Lago, colexiada en Pontevedra co número 6. Citadas en Luís Rodríguez Míguez e Alejandra Rodríguez Villar (2003): «La mujer en los estudios médico-sanitarios en la Universidad de Santiago en el siglo XX», en *Evolución de la Medicina en el siglo XX*, Ourense, Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia/Caixa Nova, pp. 177 e 178.

<sup>9</sup> Aínda que nas ciencias experimentais non temos referencias, en materia pedagóxica máis dun terzo dos bolseiros e bolseiras que traspasaron os Pireneos foron mulleres, das que o 5% eran galegas. Cadro en Teresa Marín Eced (1990): *La renovación pedagógica en España (1907-1936)*, Madrid, CSIC, p. 139. Do total das case 2000 bolsas concedidas do resto de especialidades, 100 foron para mulleres, entre elas

quen, nun exemplo de continuidade formativa, logo de doutorarse, visitou numerosos laboratorios europeos, dirixidos polos mellores especialistas científicos.

En canto á RS, créase en 1915, é de ideario institucionalista e vai estar dirixida por María de Maeztu<sup>10</sup>, unha das máis significadas loitadoras feministas da época. Nos primeiros cinco anos, a RS alberga o 15% de mulleres matriculadas na Universidade Central. Co tempo, e debido ao aumento da demanda, ábreanse catro novos establecementos residenciais. Un deles en 1930 vai ser dirixido pola música galega Sofía Novoa e son varias as galegas que pasan pola RS para dar continuidade á súa formación académica<sup>11</sup>. Hai que ter en conta que o grao de doutoramento e algunhas especializacións só se podían obter en Madrid.

Unha boa proba da estreita relación formativa das dúas institucións citadas é que, das 100 bolsas concedidas pola JAE, o 20% destináronse para a RS.

Entre as galegas residentes da área das ciencias experimentais citamos a:

- **Ángela Pardo Celada** (Becerreá, Lugo 1904-Lugo 1988). Reside na RS ao longo dos seis anos en que estuda Medicina e se especializa en Xinecoloxía e Puericultura. En 1930 e pola súa conta, amplía estudos en Alemaña. Tras a súa volta chega a ser auxiliar do Laboratorio de Fisioloxía do doutor Juan Negrín, en Madrid. Logo da Guerra Civil instálase en Lugo e abandona a actividade investigadora.
- **Paz Parada Pumar** (Ourense, 1905-2005). De familia de fonda raíz liberal, estuda na Universidade de Santiago os dous primeiros cursos de Medicina. Trasládase a Madrid, en 1925, para rematar a carreira. Reside na RS e asiste a cursos nos laboratorios de Bacterioloxía e Seroloxía da JAE dirixidos polo doutor galego Paulino Suárez. Logo de que o seu marido, médico tamén, fose sancionado en 1936 polos sublevados, instálase en Ourense. Unha vez alí, Paz pon en marcha un laboratorio de análises clínicas no que traballará ata a súa xubilación<sup>12</sup>.

---

estaban as galegas seguintes: as citadas irmás Fernández de la Vega, Olimpia Valencia, Sofía Novoa, Pilar Madariaga e a pintora Maruja Mallo.

<sup>10</sup> Carmen de Zulueta e Alicia Moreno (1993): *La Residencia de Señoritas. Ni convento ni college*, Madrid, Public. de la Residencia de Estudiantes.

<sup>11</sup> Sofía Novoa estivo exiliada nos EE UU, onde foi profesora de español no Vassar College. Máis información sobre ela en: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=72>

<sup>12</sup> Máis sobre Paz Parada en: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=64>

- **Olimpia Valencia López** (Baltar, Ourense, 1898-Vigo, 1987). Cursa os estudos de Medicina na Universidade de Santiago e licenciáse en 1925 con premio extraordinario. Ese mesmo ano trasládase a Madrid e fai o doutoramento co catedrático de Obstetricia, o doutor Recaséns, e aloxáse na RS durante tres anos. Logo de exercer como médica no Instituto Escola, outro apéndice institucionista, trasládase a Vigo, onde monta un consultorio xinecolóxico privado. Durante o verán de 1929 goza dunha bolsa da JAE para ampliar coñecementos da súa especialidade en clínicas suízas e alemás. É unha das fundadoras da Academia Médico-Cirúrxica de Vigo (1930), na que chega a ser vicepresidenta. Logo de sufrir cárcere por motivos ideolóxicos durante a Guerra Civil, seguiu traballando na súa especialidade médica ata a xubilación<sup>13</sup>.

Outras galegas das ramas experimentais que tamén pasaron pola RS son: a química **Pilar de Madariaga Rojo**, que estivo de bolseira nos EE UU e onde se exilia logo da Guerra Civil<sup>14</sup>, e **Marina Peña-Rey Bouzas (Viascón, Pontevedra 1915-México D.F. 2002)**, que estuda Farmacia e se aloxa na RS desde 1933, xunto co seu home (médico) acaba no exilio mexicano, co que ve cortadas de cheo as súas expectativas profesionais.

### **Un exemplo de continuidade formativa: as irmás Fernández de la Vega**

Fóra do ámbito residencial ata aquí estudado, volvemos ás citadas irmás xemelgas Fernández de la Vega, **Jimena (Veiga de Ribadeo, 1896-Santiago, 1984)** e **Elisa (Veiga de Ribadeo, 1896-Zaragoza, 1933)**. Ambas rematan os seus estudos en Santiago con premio extraordinario e continúan a súa formación en Madrid.

Elisa, logo de facer a tese de doutoramento, especializouse en Pediatría e realizou varios traballos científicos. Obtén unha bolsa para ir a Alemaña en 1922, aínda que non a goza debido ao seu casamento co catedrático santiagués Gumersindo Sánchez Guisande, de quen fora alumna. Morre dunha pneumonía en 1933 en Zaragoza, onde estaba destinado o seu marido.

---

<sup>13</sup> Máis sobre Olimpia en:

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=4&autor=Olimpia%20Valencia> e <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=43>

<sup>14</sup> Irmá de Salvador de Madariaga.

Pola súa banda Jimena especialízase en Xenética e, seguindo as recomendacións do seu profesor, durante máis de dous anos pasa polos mellores centros europeos desta importante área científica. Estivo en Alemaña (Berlín, Múnic e Hamburgo), Austria e Suíza formándose cos especialistas máis sobranceiros da época. Le a súa tese de doutoramento en 1930, cando estaba de xefa de sección de Bioquímica do Laboratorio Central de Investigacións da Facultade de Medicina de Madrid. Logo, desde 1932, dirixe o Seminario de Xenética adscrito á cátedra de Patoloxía Xeral de Novoa Santos, con quen colaborou na elaboración dun capítulo da súa famosa *Patoloxía*. En 1936 faise cargo dos seus sobriños pois o seu cuñado marchara ao exilio (Arxentina) e, logo da guerra, oposita a médica de baños, profesión que exerce en varios destinos ata que se xubila e que compatibiliza coa de investigación xenética na cátedra de Patoloxía Xeral de Madrid, onde comezara a súa carreira científica. Obtivo varias distincións ao longo da súa carreira e deixou máis dunha ducia de traballos publicados<sup>15</sup>.

Con estas pequenas biografías rematamos a parte dedicada ás precursoras.

### **A consolidación de equipos estables de investigación con presenza de mulleres na Universidade de Santiago**

Finalizando a década de 1920, un fado de profesores mozos recentemente chegados a Compostela imprimen un dinamismo docente ata daquela descoñecido en Santiago. Convulsionan as obsoletas estruturas institucionais «alterando» a vella e enormemente distante relación docente-discente e implantan o experimentalismo e o ensino pegado ao laboratorio.

Coincidindo coa Segunda República, en Santiago vaise producir unha inflexión importante coa incorporación das mulleres aos labores científicos. Os avances políticos e sociais en España teñen lugar nestas transformacións. Poténciase un marco lexislativo amplo de liberdades, entre as que podemos salientar: o voto feminino, a lei do matrimonio civil, a da maternidade e a do divorcio.

A creación da Sección de Química dálle novo selo á Facultade de Ciencias e afásta a endogamia que caracteriza o resto das facultades compostelás do momento. A mobilidade e a necesidade de cubrir novas

---

<sup>15</sup> Máis sobre estas irmás en: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=34>



prazas enche as aulas de docentes con menos de trinta anos e cun perfil moderno, que ampliaran a súa formación en Europa e viñan sendo as primeiras fornadas de benfeitores da JAE. Os máis significativos entre os foráneos son: Martín Sauras e Calvet Prats en Químicas e García-Blanco en Medicina. Destacan entre os locais: Isidro Parga Pondal en Químicas, que estudara en Madrid, e Aniceto Charro, de Farmacia, que tamén fixera unha estadía nos laboratorios da JAE en Madrid, durante catro anos<sup>16</sup>.

Todos eles serían colaboradores do pulo innovador que o reitor Rodríguez Cadarso lle dera á Universidade de Santiago nos anos 30 do pasado século. Nun exemplo de renovación de cadros de persoal, conforman laboratorios e equipos de traballo estables e cobren os postos de axudantes de clases prácticas coas súas alumnas e os seus alumnos. É significativo que nas Facultades de Ciencias e Farmacia no curso 1935/36 un total de seis mulleres ocuparan praza docente. Natividad Mejuto, Antonia Ferrín e Concepción Carnero eran axudantes de clases prácticas en Ciencias, Celsa Pérez Moreiras e Teresa Fernández en Farmacia.

A produción científica desde os laboratorios composteláns multiplicárase exponencialmente, desde o comezo dos anos 30. Alumnado e profesores promovían diferentes actividades sociais, compartían tempo de ocio, facían excursións en grupo e aparecían asinando traballos de investigación conxuntos nun claro sinal de avance científico en equipo. Non era infrecuente ao consultar o *Chemical Abstract*, vademecum onde ven toda a produción científica mundial, ver a Parga Pondal asinando traballos ao lado de Encarnación Fraga Padín, Amparo Arango ou Dolores Lorenzo. Ou a Fernando Calvet a carón de Natividad Mejuto Larrauri ou de Concepción Carnero Valenzuela, logo de publicar nas principais revistas científicas españolas, como a da Sociedade Española de Física e Química, ou nas publicacións do Seminario de Estudos Galegos. A maiores promoveron a necesidade, ata daquela inusual, de se asociar, e as mulleres destes equipos comezaron a afiliarse ás sociedades científicas máis salientables.

Todo este potencial viríase abaixo logo da sublevación facciosa de 1936. A marca modernizadora e o compromiso coa innovación estivo no punto de mira dos sublevados como principal obxecto para reprimir. O profesorado innovador é procesado e apartado da docencia con diferentes sortes e penas. Algúns deles, como Isidro Parga Pondal, xamais volvería impartir aulas universitarias. Calvet botou máis de oito anos expedientado e

---

<sup>16</sup> Máis sobre Isidro Parga en: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=114> . Máis sobre Aniceto Charro en: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=123>

quedou excluído do labor docente. As e os axudantes tampouco non se libran da represión; así, a axudante en Ciencias Antonia Ferrín Moreiras foi suspendida para exercer cargos directivos e de confianza durante un tempo, aínda que logo continuou na docencia, e Elisa Díaz Riba rematou exiliada en México.

Terían que pasar moitos anos para que a Universidade de Santiago recuperase aquel activismo desencadeado nos anos previos á Guerra Civil.

Ricardo Gurriarán  
Compostela, 29 de novembro de 2007